



ANEXO IV. POLÍTICA DE CALIDADE

O **Centro de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira de Bueu**, presta os seus servizos formativos á comunidade, proporciónalle aos traballadores desempregados un recurso para a mellora da súa capacidade de inserción e/ou desempeño profesional. Por medio da formación nas diversas especialidades homologadas no centro, o alumnado accede a unha mellor capacitación, así como á adquisición das actitudes e habilidades necesarias para promocionarse profesionalmente.

O SXQ abarca a xestión do servizo de Formación Profesional Ocupacional enmarcada nos plans de Accións Formativas da Consellería en materia de emprego, Formación Profesional da Mariña Mercante, do Instituto Social da Mariña (ISM) e Formación Profesional Marítimo-Pesqueira da Consellería en materia pesqueira, así como a colaboración coa Consellería en materia educativa.

As Accións Formativas levadas a cabo polo **Centro de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira de Bueu** realízanse de acordo con unha política de calidade que se concreta en obxectivos coherentes con aquela, e que está suxeita a revisión e mellora continua, ao igual que a totalidade do Sistema de Xestión. Para isto, o Sistema de Xestión de Calidade do **Centro de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira de Bueu**, sempre orientado á satisfacción das necesidades e expectativas dos seus clientes e partes interesadas, actúa como marco de referencia para o establecemento e revisión dos citados obxectivos.

Por último, a Dirección do **Centro de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira de Bueu** está comprometida co cumprimento dos requisitos que poidan afectar ao funcionamento do centro, xa sexan de carácter legal, ou propios que a organización subscriba, así como das esixencias da norma de referencia UNE-EN-ISO 9001:2015 pola que se implementa o Sistema de Xestión de Calidade.

Esta Política de calidade, ten sido comunicada a todo o persoal da escola, e todo o persoal do centro a comprende e asume.

